

Florencio Manuel Delgado Gurriarán



Forencio naceu no ano 1903 nunha vila de Ourense chamada Córrego.



De neno gustáballe moito ler, sobre todo poesía e en galego. Tiña unha gran biblioteca na súa casa.

Cando foi mozo estudou para converterse en avogado. No seu tempo de lecer tamén comezou a escribir os seus propios poemas en lingua galega, converténdose así en escritor.



Pero de súpeto en España estalou unha guerra e el tivo que fuxir.



Primeiro escapou a Portugal disfrazado de topógrafo para que non o recoñeceran.



Despois foi a Francia escondido nun barco. Pasou moito medo

Finalmente, en Francia subiuse nun barco chamado Ipanema e emprendeu unha viaxe cara a México.



En México atopou traballo vendendo zapatos. Un día pasou pola súa tenda Celia, unha moza que pouco tempo despois se convertería na súa muller. Xuntos tiveron cinco fillos.



En México coñeceu a un grupo de galegos que coma el tiveran que marchar da súa terra. Xuntos falaban e escribían en galego. Seguían a terlle moito cariño á nosa lingua.




Florencio volveu a Galicia cando xa era maior. Pero só de viaxe.

Durante a viaxe reencontrouse con familiares e amigos da súa infancia. Pasara demasiado tempo!



Ao volver a México quixo convencer á súa familia de vir vivir aquí, pero non quixeron, xa que toda a súa vida estaba en México.

Florencio morreu con 84 anos en California. Pero pediu que trouxeran os seus restos de novo a Galicia, xa que, como el dicía, era onde estaba o seu corazón.



ACTIVIDADES

1. Nome da **vila** na que naceu Florencio.

2. Florencio tivo moitos e moi variados oficios. Marca cunha **X** os que aparecen na lectura.

☐

Avogado

☐

Escritor

☐

Capitán de barco

☐

Vendedor de zapatos

☐

Doutor

☐

Policía

3. Escribe **V** se a oración é verdadeira e **F** se a oración é falsa.

☐

A Florencio non lle gustaba nada ler poesía en galego.

☐

Florencio fuxiu de España porque estalou unha guerra.

☐

En México, Florencio seguía a falar e escribir en galego.

☐

Dende que marchou para México, nunca volveu a Galicia.

4. Como se chamaba o barco no que Florencio viaxou a México?